

PODCAST DO MAR

Título da actividade	Podcast do Mar.
Profesoras responsable	Susana Estevez da Vila.
Grupos implicados	Alumnado de Oratoria de 3º ESO.
Breve descrición	A elaboración de distintos podcast é o produto final dunha serie de sesións adicadas á búsqueda de información, á comprensión lectora, á capacidade de síntese e á transmisión desa información a un auditorio.
Obxectivos propostos	1. Mellorar a expresión oral. 2. Mellorar a comprensión lectora e a capacidade de síntese. 3. Traballar a competencia dixital. 4. Seleccionar e discriminar aquelas páxinas que ofrecen informacións rigorosas doutras que non o fan. 5. Aprender a usar a mesa de mesturas e o programa Audacity de edición de audio. 6. Achegarse ao mundo do mar e os océanos desde unha perspectiva máis lúdica.
Cronoloxía	Esta iniciativa xorde unha vez completada a formación recibida a través do CEFORE de Vigo sobre radio, especialmente, despois de coñecer as oportunidades que nos ofrece o seu uso para o centro. En realidade non é nada máis que pechar o círculo de todas aquelas actividades que se foron realizando ao longo do curso para mellorar a capacidade oratoria do alumnado. Trátase pois de darlle unha perspectiva aínda máis práctica ao traballo realizado ao longo do curso e conectalo coa vida real para que o alumnado se dea conta da importancia do dominio da lingua e da oratoria, ámbalas dúas disciplinas que nos acompañan no noso día a día e que ás veces constitúen a nosa primeira carta de presentación. O proceso seguido na elaboración dos podcast foi: - Búsqueda de información. - Síntese e redacción. - Elaboración dunha escaleta. - Gravación. - Edición a través de Audacity.
Valoración final	A actividade foi acollida nun primeiro momento con rese por parte do alumnado pero ó iniciárense as gravacións o entusiasmo foi xeral e penso que será unha actividade chegou para quedar, pois ofrece moitísimas posibilidades e vindeiros cursos terá un mellor desenvolvemento por parte do alumnado pois xa parten dunha base.